

Semana Santa de Santiago de Compostela

Do 27 de Marzo
ao 12 de Abril



Saúda

Queridos Confrades, santiagouses e visitantes:

Achegámonos á Semana Grande, a Semana Santa, Semana Maior; «non porque os seus días sexan máis grandes que os demais, hainos máis longos; senón porque neles o Señor fixo cousas admirables» (*S. Juan Crisóstomo*). Efectivamente nela sucederon os principais acontecementos da nosa fe: a paixón, a morte e a resurrección de Cristo.

Como nos recorda o Papa Francisco na mensaxe para a Coresma deste ano, tanto a Coresma coma a Semana Santa son un tempo de renovación para a Igrexa, para as comunidades e para cada crente. Pero sobre todo son un «tempo de graza» (*2 Co 6,2*). Deus non nos pide nada que non nos dese antes: «Amemos a Deus porque el nos amou primeiro» (*1 Jn 4,19*).

O Papa invítanos a loitar contra a indiferenza cara aos demais e cara a Deus: é unha tentación real tamén para os cristiáns. Necesitamos contemplar o exemplo de Cristo que chega ata o final, na súa entrega de amor por nós.

A Igrexa segue a Xesucristo especialmente na Semana Santa, polo camiño que leva á Cruz, pero tamén polo camiño que a leva a cada home, ata os confíns da terra (*cf. Hch 1,8*). Así podemos ver nos demais ao irmán e

á irmá por quen Cristo morreu e resucitou. O que recibimos, recibímolos tamén para eles. E, igualmente, o que estes irmáns posúen é un don para a Igrexa e para toda a humanidade.

Queridos irmáns e irmás, tamén eu, como o Papa Francisco, desexo, que sempre, pero especialmente na Semana Santa, os lugares nos que se manifesta a Igrexa na nosa cidade de Santiago de Compostela, en particular as nosas parroquias, as nosas comunidades, as nosas Confrarías, cheguen a ser illas de misericordia no medio do mar da indiferenza.

Cos mellores desexos dunha santa e fecunda celebración da Semana Santa e da Pascua, bendícevos.

■ *Julián Barrio Barrio*

Arcebispo de Santiago de Compostela

■ *Agustín Hernández
Fernández de Rojas*

Alcalde de Santiago de Compostela

A Semana Santa é a expresión dunha fonda fe relixiosa e tamén dun elevado sentimento artístico. Isto fai que sexa moito máis que unha celebración interior, dirixida unicamente a alimentar unha crenza e un sentimento persoal, para converterse nun motivo de atracción, de admiración e de respecto que prende en cantos se achegan e participan dela.

Por iso, a Semana Santa, e de forma moi especial en Santiago de Compostela co traballo da Xunta de Confrarías, adquire unha dimensión que transcende do ámbito espiritual para converterse nunha cita coa arte e coa tradición que lle achega un novo valor á nosa cidade.

Nesta época tan especial quixera convidar a todos, veciñanza e visitantes, a vivir con intensidade estes días. Para os que participamos da fe cristiá, asistindo ás celebracións litúrxicas e, para todos, gozando das procesións que son reflexo dun sentimento nunha cidade que naceu e segue a medrar ligada a un feito relixioso e que, cando se aproxima a Pascua, renova con singular intensidade a vixencia do compromiso coas súas orixes.

■ *Carmelitas Descalzas*

Santiago de Compostela

Santa Teresa e a Semana Santa

A Paixón e vida de Cristo “é de onde nos veu e nos vén todo ben”, “polo camiño da Cruz que foi Cristo, teñen que ir os que lle seguen”. Son palabras de Santa Teresa, que neste ano, V Centenario do seu nacemento, acompaña e guía a nosa vivencia espiritual durante a Semana Santa.

Ela ensínanos a vivir os misterios da Paixón de Cristo dende dentro, situándonos nas escenas evanxélicas non como espectadores pasivos, senón como protagonistas á beira do Señor, como ela que “desexaba limparlle (no horto) aquela penosa suor de sangue”, “axudalo co Cirineo a levar a Cruz”, acordándose de que “hai poucas almas que acompañan ao Señor nos seus traballos”, “mirando o cansazo con que vai” e “sentindo os atropelos e murmuracións dos xudeus”.

Invítanos a tan sequera “chorar coas Fillas de Xerusalén”, a “poñer os ollos nel” e a demostrarlle o noso amor “non só con palabras”.

Sufrindo coa Virxe ao pé da Cruz, Teresa dinos que “probaremos o amor que temos a Deus tendo moita compaixón dela”. E veremos ao “Capitán do Amor, o que se puxo o primeiro no padecer”, no gozo da Resurrección, porque na Cruz está a vida e o consolo, e ela soa é o camiño para o ceo.



Pregón

Venres 20 Marzo 20.00 h
Paraninfo da Universidade de
Santiago de Compostela. Facultade
de Xeografía e Historia.

PREGOA. Modesto Luis Gómez Rodríguez

Presidente da Irmandade de Estudantes Stmo. Cristo da Misericordia, Noso Pai Xesús da Esperanza e Nosa Señora dos Remedios, acompañado da Banda Municipal de Santiago e Banda de Cornetas e Tambores Nosa Señora da Misericordia de Viveiro.

Cultos e liturxia

29 de Marzo. Domingo de Ramos

11:30 Praza da Quintana. Procesión da Borriquita. Bendición de Ramos.
12:00 Catedral. Misa Estacional. Preside Sr. Arcebispo.

31 de Marzo. Martes Santo

12:00 Catedral. Santa Misa Crismal. Consagración de Santos Óleos e Santo Crisma. Preside Sr. Arcebispo.

2 de Abril. Xoves Santo

12:00 Catedral. Celebración comunitaria da Penitencia.
18:00 Catedral. Santa Misa da Cea do Señor. Preside Sr. Arcebispo.

3 de Abril: Venres Santo

11:00 Praza da Quintana. Sermón do Santo Encontro.
12:00 Catedral. Celebración comunitaria da Penitencia.
12:00 Capela das Ánimas. Sermón das Sete Palabras.
17:00 Igrexa Conventual de San Francisco. Desencravo do Noso Señor.
18:00 Catedral. Celebración Litúrxica da Paixón. Preside Sr. Arcebispo.

4 de Abril: Sábado Santo

12:00 Catedral. Celebración do Oficio de Lecturas.
18:00 Catedral. Sermón da Soidade e Viacrucis.
22:00 Catedral. Solemne Vixilia Pascual. Preside Sr. Arcebispo.

5 de Abril: Domingo de Pascua

11:15 Procesión na Catedral e encontro con Cristo Resucitado na Praza da Quintana.
12:00 Catedral. Misa Estacional. Preside Sr. Arcebispo.
Con Bendición Apostólica e Indulgencia Plenaria.



Actos

12-13-14 Marzo 20:30h

CONFRARÍA DA HUMILDADE

Igrexa de Santa Mª do Camiño. Triduo na honra á Nosa Señora da Humildade.

COFRADÍA DE LA HUMILDAD

Iglesia de Santa Mª del Camino. Triduo en honor a Nuestra Señora de la Humildad.

(14 marzo. 20:00h. Solemne beixamáns á Nosa Señora da Humildade e xuramento de novos Irmáns).

19-27 Marzo 20:00h

CONFRARÍA DO NOSO PAI XESÚS NAZARENO E A STMA. VIRXE DAS DORES

Igrexa de San Miguel dos Agros. Novena da Virxe das Dores.

COFRADÍA DE NUESTRO PADRE JESÚS NAZARENO Y LA STMA. VIRGEN DE LOS DOLORES

Iglesia de San Miguel de los Agros. Novena de la Virgen de los Dolores.

23-31 Marzo 20:30h

ILUSTRE CONFRARÍA DA VIRXE DA SOIDADE

Igrexa parroquial de Santa María de Salomé. Novena na honra da Virxe da Soidade.

ILUSTRE COFRADÍA DE LA VIRGEN DE LA SOLEDAD

Iglesia parroquial de Santa María de Salomé. Novena en honor de la Virgen de la Soledad.

Ás 20:30 Rosario e ás 21:00h Eucaristía.

24-25 Marzo 20:00h

REAL CONFRARÍA PENITENCIAL DO SANTÍSIMO CRISTO DA UNCIÓN E NOSA SEÑORA DA SERENIDADE

Capela do Colexio da Inmaculada. Binario Pascual.

REAL COFRADÍA PENITENCIAL DEL SANTÍSIMO CRISTO DE LA UNCIÓN Y NUESTRA SEÑORA DE LA SERENIDAD

Capilla del Colegio de la Inmaculada. Binario Pascual.

(O día 24 oficiará a eucaristía o Excmo e Rvdmo. Sr. D. Julián Barrio, Arcebispo de Santiago de Compostela)

31 Marzo 20:30h

CONFRARÍA DO NOSO PAI XESÚS FLAXELADO

Igrexa de Santo Agostiño. Misa na honra do Cristo Flaxelado.

COFRADÍA DE NUESTRO PADRE JESÚS FLAGELADO

Iglesia de San Agustín. Misa en honor del Cristo Flagelado.

3 Abril 17:00h

CONFRARÍA DA VERA CRUZ

Igrexa Conventual de San Francisco. Desencravo do Noso Señor.

COFRADÍA DE LA VERA CRUZ

Iglesia Conventual de San Francisco. Desenclavo de Nuestro Señor.

Actos

4 Abril 19:00h

CONFRARÍA NUMERARIA DO ROSARIO

Solemne Vixilia Pascual e Encontro de María con Cristo Resucitado.
Capela do Rosario – Igrexa de San Domingos de Bonaval.

COFRADÍA NUMERARIA DEL ROSARIO

Solemne Vigilia Pascual y Encuentro de María con Cristo Resucitado.
Capilla del Rosario – Iglesia de San Domingos de Bonaval.

7 Abril

ILUSTRE CONFRARÍA DA NOSA SEÑORA DA QUINTA ANGUSTIA

Capela da Angustia. Celebración de N^a Señora da Quinta Angustia.

ILUSTRE COFRADÍA DE NUESTRA SEÑORA DE LA QUINTA ANGUSTIA

Capilla de la Angustia. Celebración de N^a Señora de la Quinta Angustia.

Misas ás 09:00 e ás 10:00. Ás 12:00 misa
cantada, e ás 19:30 misa solemne.

9-10-11 Abril 19:00h


CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DA PACIENCIA DE CONXO

Capela do Santo Cristo na Igrexa de Conxo. Triduo do Stmo. Cristo

COFRADÍA DEL SANTÍSIMO CRISTO DE LA PACIENCIA DE CONXO

Capilla del Santo Cristo en la Iglesia de Conxo. Triduo de Stmo. Cristo.

Procesións



Venres de Paixón

Viernes de Pasión



27 Marzo 21.00 h

PROCESIÓN DA VIRXE DAS DORES

*Confraría do Noso Pai Xesús Nazareno
e a Stma. Virxe das Dores*

Sede Igrexa de San Miguel dos Agros

Saída Praza de San Miguel

PROCESIÓN DE LA VIRGEN DE LOS DOLORES

*Cofradía de Nuestro Padre Jesús Nazareno
y la Stma. Virgen de los Dolores*

Sede Iglesia de San Miguel dos Agros

Salida Plaza de San Miguel

Percorrido / Recorrido

Praza de San Miguel · Abril Ares · Campás de San Xoán · Praza Inmaculada
Catedral Praterías · Rúa do Vilar · Toural · Rúa Nova Conga · Preguntoiro
Praza de Cervantes · Algalia de Arriba · Praza de San Miguel.

www.cofradiadoloressantiago.es

Paso procesional portado a ombros da Virxe das Dores cuberta cun extraordinario manto bordado con fio de ouro.

Domingo de Ramos



29 Marzo 10.45 h

PROCESIÓN DA ENTRADA EN XERUSALÉN

Confraría Orde Franciscana Segrar

Sede e saída Igrexa da Orde Franciscana Segrar
(Terceira Orde)

PROCESIÓN DE LA ENTRADA EN JERUSALÉN

Cofradía Orden Franciscana Seglar

Sede y salida Iglesia de la Orden Franciscana Seglar
(Tercera Orden)

Percorrido / Recorrido

Campiño de San Francisco · San Francisco Praza do Obradoiro · Fonseca Praterías · Praza da Quintana · Praterías · Fonseca · Praza do Obradoiro Campiño de San Francisco.

Grupo escultórico da "Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén" obra de Roberto G. del Blanco.

Domingo de Ramos



29 Marzo 18.00 h

PROCESIÓN DA ESPERANZA

Confraría da Esperanza

Sede Igrexa das Ánimas

Saída Praza das Ánimas

PROCESIÓN DE LA ESPERANZA

Cofradía de la Esperanza

Sede Iglesia de las Ánimas

Salida Plaza de las Ánimas

Percorrido / Recorrido

Igrexa das Ánimas · Casas Reais · Praza de Cervantes · Preguntoiro · Caldeirería · Tras Salomé · Rúa Nova · Toural · Orfas · Caldeirería · Preguntoiro
Cervantes · Casas Reais · Igrexa das Ánimas.

Este ano a Confraría estreará unha nova Virxe, obra de Bernardino Mosquera. Data do ano 1877 e foi restaurada polo compostelán Manuel Rodríguez Rocha. Tanto a nova Virxe coma a antiga pertencen aos fondos parroquiais de San Fructuoso e San Xoán Bautista, cando estas tiñan a súa sede na Catedral de Santiago.



Luns Santo
Lunes Santo

30 Marzo 21.30 h

PROCESIÓN DA HUMILDAD

Confraría da Humildade

Sede Igrexa de Sta. María do Camiño

Saída Rúa Travesa

PROCESIÓN DE LA HUMILDAD

Cofradía de la Humildad

Sede Iglesia de Sta. María del Camino

Salida Rúa Travesa

Percorrido / Recorrido

Igrexa Sta. María do Camiño · Rúa Travesa · Casas Reais · Praza de Cervantes · Preguntoiro · Caldeirería · Orfas · Toural · Rúa do Vilar · Xelmírez Conga · Preguntoiro · Praza de Cervantes · Casas Reais · Rúa Travesa Igrexa Sta. María do Camiño.

<http://confrariadahumildade.blogspot.com.es>

A Nosa Señora da Humildade realizada no ano 2008 polo imaxineiro José María Hurtado no seu pobo natal de Pilas (Sevilla).



Martes Santo

31 Marzo 21.00 h

PROCESIÓN DO SANTÍSIMO CRISTO DA PACIENCIA

Confraría do Santísimo Cristo da Paciencia

Sede Igrexa da Mercé de Conxo
Saída Igrexa das NN. Mercedarias.
Tránsito da Mercé

PROCESIÓN DEL SANTÍSIMO CRISTO DE LA PACIENCIA

Cofradía del Santísimo Cristo de la Paciencia

Sede Iglesia de la Merced de Conxo
Salida Iglesia de las MM. Mercedarias.
Tránsito de la Merced

Percorrido / Recorrido

Convento das Mercedarias · Fonte de San Antonio · Orfas · Praza do Toural
Rúa do Vilar Praza das Praterías · Catedral.

Cristo do escultor santiagués Maximino Magariños de 1916, feito para a Confraría do Santísimo Cristo da Paciencia. O titular da Confraría e un Cristo de Gregorio Fernández de 1628.



**Martes
Santo**

31 Marzo 22.30 h

PROCESIÓN ORACIÓN DO HORTO E PRENDEMENTO

Confraría da Vera Cruz

Sede Igrexa Conventual de San Francisco

Saída Campiño de San Francisco

PROCESIÓN ORACIÓN DEL HUERTO Y PRENDIMIENTO

Cofradía de la Vera Cruz

Sede Iglesia Conventual de San Francisco

Salida Campillo de San Francisco

Percorrido / Recorrido

Campiño de San Francisco · Carretas · San Fructuoso · Trinidad · Praza de San Clemente · Subida San Clemente · Rodrigo de Padrón · Avda. de Figueroa · Porta Faxeira · Rúa do Vilar · Praterías · Fonseca · Praza do Obradoiro
Campiño de San Francisco.

www.cofradiaveracruzsantiago.es

Paso procesional de Xesús unha vez entregado e prendido.

Mércores Santo

Miércoles Santo

1 Abril 19.30 h Eucaristía
20.00 h Via-Crucis

EXERCICIO DO VÍA CRUCIS

Coordinadora de Asociacións Religiosas Segrares

Sede Igrexa de San Francisco
Saída Campiño de San Francisco

(En caso de choiva estos actos trasladaranse ao interior da SAMI Catedral)

EJERCICIO DEL VÍA CRUCIS

Coordinadora de Asociaciones Religiosas Seglares

Sede Iglesia de San Francisco
Salida Campillo de San Francisco

(En caso de lluvia estos actos se trasladarán al interior de la SAMI Catedral)

Percorrido / Recorrido

Campiño de San Francisco · Rúa de San Francisco · Praza do Obradoiro Rúa Fonseca · Praza das Praterías · Rúa Xelmírez · Rúa da Conga · Quintana · Rúa da Conga · Praza das Praterías · Rúa de Fonseca · Praza do Obradoiro.

Cristo do escultor santiagoués Maximino Magariños de 1916, feito para a Confraría do Santísimo Cristo da Paciencia. O titular da Confraría e un Cristo de Gregorio Fernández de 1628.



Mércores Santo

Miércoles Santo

1 Abril 23.00 h

PROCESIÓN DOS ESTUDANTES

Irmandade dos Estudantes do Stmo. Cristo da Misericordia. Noso Pai Xesús da Esperanza e Nosa Señora dos Remedios

Sede Colexio das Orfas

Saída Rúa das Orfas

PROCESIÓN DE LOS ESTUDIANTES

Hermandad de los Estudiantes del Stmo. Cristo de la Misericordia, Ntro. Padre Jesús de la Esperanza y Nuestra Señora de los Remedios

Sede Colegio de las Huérfanas

Salida Rúa das Orfas

Percorrido / Recorrido

Colexio das Orfas (23:00h) · Praza do Toural (23:15h) · Rúa do Vilar (23:30h) · Praza das Praterías (23:45h) · Rúa de Xelmírez (00:00h) · Rúa Nova (00:15h) · Arco de Santa María de Salomé (00:30h) · Rúa das Orfas (00:45h) · Colexio das Orfas (01:00h). O cronograma é aproximado, cunha posible variación de 15 minutos.

www.hermandaddeestudiantes.com

O Santísimo Cristo da Misericordia é unha imaxe realizada por Leopoldo Rodríguez Rocha no 2011, último imaxineiro de berce da escola compostelá de imaxinaría e dourado.



Xoves Santo
Jueves Santo

2 Abril 19.00 h

PROCESIÓN DA ÚLTIMA CEA DO SALVADOR

Confraría da Vera Cruz

Sede Igrexa Conventual de San Francisco

Saída Campiño de San Francisco

PROCESIÓN DE LA ÚLTIMA CENA DEL SALVADOR

Cofradía de la Vera Cruz

Sede Iglesia Conventual de San Francisco

Salida Campillo de San Francisco

Percorrido / Recorrido

San Francisco · Praza do Obradoiro · Praza das Praterías · Rúa do Vilar
Praza do Toural · Rúa Nova · Conga · Praza das Praterías · Praza do
Obradoiro · San Francisco.

www.cofradiaveracruzsantiago.es

Paso procesional de Juan Sanmartín y Serna. Obra representativa da
Exposición Mundial de París de 1867.



Xoves Santo

Jueves Santo



2 Abril 23.30 h

PROCESIÓN DE XESÚS FLAXELADO

Confraría do Noso Pai Xesús Flaxelado

Sede Igrexa de Santo Agostiño

Saída Praza de Santo Agostiño

PROCESIÓN DE JESÚS FLAGELADO

Cofradía de Nuestro Padre Jesús Flagelado

Sede Iglesia de San Agustín

Salida Plaza de San Agustín

Percorrido / Recorrido

Santo Agostiño · Cantón de San Bieito · Praza de Cervantes · Algalia de Arriba · Praza de San Miguel · Abril Ares · Campás de San Xoán · Acibecherà Trás San Paio · Conga Preguntoiro · Caldeirería · Orfas · Praza do Toural Rúa do Vilar · Xelmírez · Conga · Preguntoiro · Praza de Cervantes · Cantón de San Bieito · Praza de Santo Agostiño.

A imaxe de Xesús Flaxelado, corresponde a un Cristo atado á columna, obra de Diego de Sande no primeiro terzo do século XVIII. Pódese contemplar durante todo o ano no seu altar do Cristo Flaxelado na Igrexa de Santo Agostiño (P.P.Xesuitas).

Venres Santo

Viernes Santo



3 Abril 10.30 h

PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

*Confraría do Noso Pai Xesús Nazareno
e a Stma. Virxe das Dores*

Sede Igrexa de San Miguel dos Agros
Saída Praza de San Miguel

PROCESIÓN DEL SANTO ENCUENTRO

*Confraría do Noso Pai Xesús Nazareno
e a Stma. Virxe das Dores*

Sede Igrexa de San Miguel dos Agros
Salida Praza de San Miguel

Percorrido / Recorrido

Praza da Quintana (Sermón do Encontro) · Conga · Praza das Praterías
Rúa do Vilar · Praza do Toural · Rúa Nova · Conga · Preguntoiro · Praza
de Cervantes · Algalia de Arriba · San Roque · Hospitaliño · Porta da Peña
Praza de San Martiño Pinarío · Igrexa de San Miguel dos Agros.

En caso de que as inclemencias meteorolóxicas impidan o desfile procesio-
nal, organizarase o Sermón do Encontro na SAMI Catedral.

www.cofradiadoloressantiago.es

Paso procesional do Noso Pai Xesús Nazareno do escultor Manuel Prado y
Mariño do século XVIII.

Venres Santo

Viernes Santo



3 Abril 18.00 h

PROCESIÓN DA QUINTA ANGUSTIA

Ilustre Confraría da Nosa Señora da Quinta Angustia

Sede Igrexa da Quinta Angustia

Saída Campo da Angustia

PROCESIÓN DE LA QUINTA ANGUSTIA

Ilustre Cofradía de Nuestra Señora de la Quinta Angustia

Sede Iglesia de la Quinta Angustia

Salida Campo de la Angustia

Percorrido / Recorrido

Campo da Angustia · Rúa do Rosario · Rúa de Bonaval · Porta do Camiño
Rúa das Casas Reais · Praza de Cervantes · Rúa da Acibechería · Rúa de
Tras San Paio de Antealtares · Rúa da Conga · Rúa do Preguntoiro · Praza
de Cervantes · Rúa das Casas Reais · Porta do Camiño · Rúa de San Pedro
Rúa da Angustia Campo da Angustia.

A Nosa Señora da Quinta Angustia - Imaxe tallada polo imaxineiro Jesús Picón en 1921 e restaurada en 2007 por Leopoldo Rodríguez.

Venres Santo

Viernes Santo

3 Abril 20.00 h

PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO

Confraría Numeraria do Rosario

Sede Igrexa de San Domingos
Saída San Domingos de Bonaval

(En caso de choiva farase un Vía Crucis na Igrexa de San Domingos de Bonaval)

PROCESIÓN DEL SANTO ENTIERRO

Cofradía Numeraria del Rosario

Sede Iglesia de San Domingos
Salida San Domingos de Bonaval

(En caso de lluvia se hará un Vía Crucis en la Iglesia de San Domingos de Bonaval)

Percorrido / Recorrido

Igrexa San Domingos de Bonaval · Costa de San Domingos de Bonaval
Porta do Camiño · Rúa Casas Reais · Praza Cervantes · Rúa Acibebería
Praza Inmaculada · Estación de Penitencia na Catedral · Praza Praterías
Rúa Vilar · Praza Toural · Rúa Nova · Rúa Conga · Rúa Preguntoiro · Praza
Cervantes · Rúa Casas Reais · Porta do Camiño · Costa San Domingos de
Bonaval · Igrexa de San Domingos de Bonaval.

O Cristo xacente é obra de Pedro Núñez de Taboada (S.XVI); a urna é de Tomás Fontenla (1740), e a súa peana foi ampliada por Bonome en 1953. Posúe incrustacións de ouro, prata, marfil e pedras preciosas. A urna esta coroada polos "Anxiños da Paixón", realizados dunha peza en marfil.

Venres Santo

Viernes Santo

3 Abril 23.00 h

PROCESIÓN DA VIRXE DA SOIDADE

Ilustre Confraría da Virxe da Soidade

Sede Igrexa de Salomé

Saída Rúa Nova

PROCESIÓN DE LA VIRGEN DE LA SOLEDAD

Ilustre Cofradía de la Virgen de la Soledad

Sede Iglesia de Salomé

Salida Rúa Nova

Percorrido / Recorrido

Rúa Nova · Praza do Toural · Rúa do Vilar · Praza de Praterías · Conga Preguntoiro · Rúa do Castro · Praza da Universidade · Cardenal Payá · Orfas Toural · Rúa Nova.

cofradiadelasoledadsantiago.blogspot.com

A imaxe da Virxe da Soidade loce manto de acibeche e vai acompañada polo Paso do Calvario.



Sábado Santo



4 Abril 20.00 h

PROCESIÓN DOS IRMÁNS

Real Confraría Penitencial do Santísimo Cristo da Unción e Nosa Señora da Serenidade

Sede Colexio da Inmaculada
Saída Concepción Arenal

PROCESIÓN DE LOS HERMANOS

Real Cofradía Penitencial del Santísimo Cristo de la Unción y Nuestra Señora de la Serenidad

Sede Colegio de la Inmaculada
Salida Concepción Arenal

Percorrido / Recorrido

Rúa García Blanco · Concepción Arenal · Fonte de Santo Antonio · Orfas
Rúa Nova · Rúa de Xelmírez · Praza das Praterías · Rúa do Vilar · Porta
Faxeira · Senra · Fonte de Santo Antonio · Concepción Arenal.

<http://cofradiadelauncion.blogspot.com.es>

A Confraría fundosuse en 1953 e realizou a súa primeira estación de penitencia no ano seguinte. Tanto a talla da Nosa Señora da Serenidade coma a do Santísimo Cristo da Unción son obra do antigo alumno lasaliano e escultor Castor Lata. Esta última (na imaxe) data do ano 1957.

Domingo de Pascua



5 Abril 10.30 h

PROCESIÓN DO CRISTO RESUCITADO

Confraría da Vera Cruz

Sede Igrexa de San Francisco
Saída Campiño de San Francisco

PROCESIÓN DEL CRISTO RESUCITADO

Cofradía de la Vera Cruz

Sede Iglesia de San Francisco
Salida Campillo de San Francisco

Percorrido / Recorrido

San Francisco · Obradoiro · Praterías · Praza da Quintana · Conga
Rúa Nova · Praza do Toural · Rúa do Vilar · Praza das Praterías · Conga
Preguntoiro · Praza de Cervantes · Acibechería · Praza da Inmaculada
Travesa das Dúas Portas · San Francisco.

www.cofradiaveracruzsantiago.es

Imaxe do escultor Víctor Vecino Sánchez e policromía de Sandra Domínguez Vecino.

Dominica in albis



12 Abril 11.00 h

PROCESIÓN DO SANTÍSIMO CRISTO DA PACIENCIA

Confraría do Santísimo Cristo da Paciencia

Sede Igrexa da Mercé de Conxo
Saída Praza do Obradoiro

PROCESIÓN DEL SANTÍSIMO CRISTO DE LA PACIENCIA

Cofradía del Santísimo Cristo de la Paciencia

Sede Iglesia de la Mercé de Conxo
Salida Plaza del Obradoiro

Percorrido / Recorrido

Praza do Obradoiro · Praza das Praterías · Rúa do Vilar · Porta Faxeira
Avda. Xoán Carlos I Rosalía de Castro · Avda. de Vilagarcía · García Prieto
Sánchez Freire · Igrexa da Mercé de Conxo.

Cristo do escultor santiagoués Maximino Magariños de 1916, feito para a Confraría do Santísimo Cristo da Paciencia. O titular da Confraría e un Cristo de Gregorio Fernández de 1628.

Concerto extraordinario Semana Santa



Domingo 29 Marzo 19.30 h
Convento do Carme

BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DIR: JUAN MIGUEL ROMERO LLOPIS

On a Hymn Song of Lowell Mason

D. Holsinger

Panis Angelicus

C. Frank

Trauermusik

R. Wagner

Da Pacem Domine

F. Mendelssohn

In a Monastery Garden

A. Ketelbey

El Hijo del Zebedeo (Marcha Procesional)

E. Canet

Funeral Music

E. Grieg

Serenata

F. Schubert

Adagio


T. Albignoni



ORGANIZA

Xunta de Confrarías de
Santiago de Compostela
Irmandada con Popoyán
(Colombia)

EDITA



CONCELLO DE
SANTIAGO

STJ
500

V CENTENARIO
SANTA TERESA
DE JESÚS



semanasantasantiago.com

